

O SABOR DAS CEREIXAS

Abbas Kiarostami, 1997

950

ESTREA EN NUMAX: 21.06.2022 | V.O.S.E. | 98 min.

Gañadora da Palma de Ouro en Cannes no ano 1997, O sabor das cereixas é unha complexa e emocionante reflexión sobre a vida e a morte. Un home de mediana idade, Mr. Badii, conduce polas montañas das aforas de Teherán, buscando a alguén que o salve ou o enterre. Esta situación permítelle coñecer a unha gran variedade de personaxes.

«Un exquisito retorno ao cinema
máis íntimo, alusivo e humanista»

Ann Hornaday, BALTIMORE SUN



Unha aposta pola vida

Por Josep María Caparrós

O sabor das cereixas foi o filme a través do cal chegou ás pantallas españolas o cinema de Abbas Kiarostami. Producida, escrita, dirixida e montada por el mesmo, tras oito anos de xestación e dous de rodaxe, Kiarostami gañou a Palma de Ouro do Festival de Cannes 1997 con este poema cinematográfico. Realizado co estilo documental e neorrealista que o caracteriza como cineasta e filmada con actores non profesionais e extrema austeridade formal, *O sabor das cereixas* denota a un filósofo humanista tras a cámara que achega importantes avances na relación entre a realidade e o propio cinema. Nese sentido, o emprego da luz, as paisaxes e a sinxeleza estética conducen a unha ética que atrapa o espectador ao longo do pausado relato. Pero, ante todo, *O sabor das cereixas* é unha aposta pola vida. Tomando como punto de partida a posibilidade do suicidio, Abbas Kiarostami reflexiona e fai reflexionar sobre a opción de quitarse a vida como sinónimo de liberdade.

Invocando o filósofo Emil Cioran, que dixo que "sen a posibilidade do suicidio hai xa tempo que eu me tería matado", o realizador iraniano manifesta que "case todo o mundo pensou algunha vez en se suicidar". Así como non podemos elixir a nosa nacionalidade, a nosa relixión, os nosos pais, a nosa lingua, a nosa cor de pel... si podemos decidir a nosa morte. O filme non fala do suicidio, o seu propósito é lembrarnos que a vida existe, á maneira dos poemas de Omar Khayan, que levan a morte perante os nosos ollos. Hai que pensar nese momento, conclúe, e hai que vivir. De aí o enriquecedor diálogo co empregado do Museo de Historia Natural, un vitalista que tamén pensou en quitarse a vida como fuxida dos seus problemas cotiás e descubriu o sabor das cereixas.

Por iso, a simple e diáfana narración, a xeito de parábola, remata con esa escuridade dos ollos do protagonista termada cun longo fundido para nada gratuíto e o vídeo da propia rodaxe da película, que cabería interpretar como o triunfo da creación cinematográfica sobre a propia morte indo contra algúns preceptos do Corán. É obvio que *O sabor das cereixas* posúe unha vontade de expresión crítico contra o fundamentalismo. "Non comparto a postura do Islam sobre o suicidio", ten manifestado o autor. Tanto é así que o Goberno de Irán autorizou a proxección do filme a última hora e que Abbas Kiarostami non é un santo da súa devoción. "Os iranianos son hospitalarios e teñen un corazón xeneroso, calidades que os acontecementos políticos enmascaran", ten declarado Kiarostami.